

El PAC de Caldas atenderá con los servicios mínimos al anunciar una huelga indefinida

Los médicos de urgencias atienden entre 60 y 100 pacientes diarios con solo un facultativo nocturno

Marchan en Santiago ante la falta de medios en la sanidad

Los PACs gallegos al límite: "Estamos sobrecargados de pacientes"

Vecinas y alcalde de Caldas reclaman al CHOP mejoras en el servicio de matronas

Piden un "mantenimiento" correcto de las instalaciones y clases preparato

Una psicóloga del Sergas alerta de una lista de espera de más de 8.000 pacientes en salud mental

Faltan 5.000 plazas en el SERGAS

Denuncian que o orzamento do Sergas se reduciu un 15% desde que Feijóo é presidente

Fisioterapeutas de Primaria exigen al Sergas un material "mínimo" para la asistencia

Los efectos de la escasez de pediatras "estallan" en el rural gallego

Clamor multitudinario en las calles de Santiago en defensa de la sanidad pública

Más de 10.000 manifestantes protestan contra los recortes, la privatización de servicios y la precarización del Sergas

El centro de salud de Caldas, sin pediatras desde hace siete días

Miles de personas claman en Santiago contra los "recortes" y la "privatización" de la sanidad gallega

Una huelga indefinida sacude la sanidad gallega

Los trabajadores de los Puntos de Atención Continuada (PAC) inician una huelga indefinida a partir de este lunes ante la "incompetencia" de la Xunta

El Sergas califica de «axeitada» la planificación sanitaria en el Centro de Saúde de Caldas

El centro de salud de Caldas volverá a cerrar por las tardes en período estival

Miles de personas salen a la calle para reclamar al SERGAS unas "urgencias dignas"

Galicia, la comunidad con menos matronas por habitante, solo 1,2 por cada 10.000 gallegos

El Sergas niega que exista falta de médicos en Caldas de Reis

El Sergas investiga el aumento de un 65% en el tiempo de espera de las resonancias

El Sergas reconoce que la mitad de los médicos ven más de 30 enfermos al día

Estimado veciño/a:

Achégolle copia da carta enviada o Conselleiro de Sanidade, Jesús Vázquez Almuiña, para que coñeza a situación das negociacións pola ubicación do novo Centro de Saúde na actualidade:

"Estimado Sr. Conselleiro:

Póñoime en contacto con vostede ante a falta de respostas e solucións por parte do Servizo Galego de Saúde (SERGAS) co Centro de Saúde de Caldas de Reis, e coas inquietudes que este problema supón para os veciños/as do noso municipio.

Como sabe, ao longo de moitos anos, este equipo de goberno fixo diversas ofertas de parcelas ao Servizo Galego de Saúde para a construción dun novo Centro de Saúde de Caldas de Reis, sendo todas elas rexeitadas por diversas causas (a veces inexplicables). Póñoime en contacto con vostede para enviarlle unhas novas propostas para que as teña en conta, e poder así facer realidade este proxecto que a poboación caldense tanto necesita:

Adxúntolle a esta carta o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Caldas, para que os seus técnicos e asesores nos sinalen dúas ou tres opcións que consideren válidas para unha nova ubicación, e poder así asinar un convenio que diga que, a cambio da compra dos terreos propostos, se garanta a construción dun novo centro de saúde.

Por outro lado, incluso propoñemos ao Servizo Galego de Saúde a ampliación do centro de saúde actual, no mesmo lugar no que se atopa, estando dispostos a buscar unha nova ubicación aos equipamentos colindantes co centro de saúde. E igualmente estaríamos dispostos a buscar solucións para o problema de aparcamento que existe nesa Rúa de Román López.

Permitame tamén que lle lembre as fincas que xa foron ofrecidas pola Xunta de Goberno de Caldas e que foron rexeitadas polo Servizo de Saúde (SERGAS). Quero informarlle que seguimos ofertando as mesmas parcelas para unha nova valoración:

- Parcela Municipal de A Tafona (1.939 m²), ofrecida en decembro de 2010, rexeitada 7 anos despois.
- Terreos colindantes á Escola Taller, en Santa María (preto de 1 hectárea), de propiedade municipal.
- Parcela colindante á Carballeira e Instituto, coñecida como Finca da Recha (esta finca é a única que foi rexeitada con argumentos razoables).
- Parcela na Pedreira, fronte ao antigo cemiterio municipal.
- Parcela na Avenida de Pontevedra (non rexeitada directamente pero con condicionantes costosísimos e a moi longo prazo para o concello).

Estará de acordo comigo en que o actual centro de saúde precisa de novas e amplas instalacións, xa que o actual quédase pequeno e cunha antigüidade de case trinta anos. Precísanse novas especialidades, máis espazo para os servizos existentes, máis recursos humanos e que o servizo de matrona esté integrado no mesmo edificio, xa que hai moitos anos que o Concello está cedendo instalacións municipais, o que vai en detrimento das necesidades da poboación caldense.

Agardando a súa resposta a estas novas propostas que lle ofrecemos, e poder facer realidade unha necesidade de primeiro orde para Caldas de Reis, reciba un cordial saúdo.

Atentamente,



Juan Manuel Rey Rey
Alcalde de Caldas de Reis



A PEDREIRA

Rúa José Salgado
SUPERFICIE: 28.000 m²

Ademais do centro de saúde permitiría desenvolver outros proxectos e proporcionar novos servizos a todo Concello (aparcamento, etc) pero sobre todo para desenvolver Souto de María López e MontePorreiro.

Rexeitárono alegando "demasiada pendente". Os propietarios estiveron e están en boa disposición para negociar.



Outras propostas foron:

- a parcela que NATURGY (Fenosa) ten na rúa Juan Fuentes, que se rechazou por recomendacións dos nosos técnicos xa que está baixo unha liña de alta tensión.

A RECHA

Rúa Mariñoleira
SUPERFICIE: 24.000 m²

Rexeitada pola Consellería xa que non quería mesturar o uso sanitario co educativo e, verdadeiramente, compartímolos.

Doutra banda, parécenos unha parcela cara.



- Sempre houbo moi boa disposición por parte dos propietarios do terreo existente fronte ao hotel Sena vinculados a outras operacións urbanísticas, que lamentablemente non cristalizaron.

A TAFONA

Rúa Carlos García Bayón
SUPERFICIE: 1.939 m²

Cedeuse en decembro do 2010 ao Sergas e 7 anos despois rexeitárona, a pesar de que durante os anos 2011-2012 existiron partidas nos orzamentos da Xunta de Galicia para construílo.

Un cambio normativo posterior a inviabiliza, ao igual que outras parcelas na mesma rúa.



Quero como alcalde agradecer o comportamento de todos os propietarios destas parcelas polas facilidades que sempre prestaron polo ben común de Caldas.

AVDA. PONTEVEDRA

Rúa Ferrería nº 57-59
SUPERFICIE: 3.831 m²

O Sergas pide unhas condicións especiais que dificultan a negociación.

Estamos dispostos a correxilas previa firma dun convenio que garanta a construción do centro e non teñamos que esperar outros 10 anos.



ESCOLA TALLER

Travesía dona Urraca
SUPERFICIE: 7.000 m²

Serviríanos para ofrecer diversos servizos e desenvolver barrios que hoxe son periféricos e converteríamolos en centrais.



Propoñemos
solucións
para un futuro máis
saudable